



EXAME TIPO TEST CONVOCATORIA TRABALLADOR/A SOCIAL: ANO 2022.- EXPDTE 2020/E001/000001.

INSTRUCCIÓN

40 PREGUNTAS TIPO TEST E 5 DE RESERVA, NUN TEMPO MÁXIMO DE 50 MINUTOS. CADA PREGUNTA CONTARÁ CON CATRO RESPOSTAS ALTERNATIVAS, SENDO SÓ UNHA DELAS CORRECTA. A PROBA VALORARÁSE CUN MÁXIMO DE 10,00 PUNTOS, A RAZÓN DE 0,25 PUNTOS POR RESPOSTA CORRECTA. AS RESPOSTAS ERRÓNEAS E AS PREGUNTAS NON CONTESTADAS NON RESTARÁN PUNTUACIÓN. SERÁ NECESARIO OBTENIR UN MÍNIMO DE 5,00 PUNTOS PARA SUPERAR A PROBA.

****NOTA: AS PREGUNTAS 20 E 30 ESTÁN REPETIDAS, POLO QUE SE ANULA A 30, E CÓNTASE A PRIMEIRA DE RESERVA**

1) En qué casos se pode proceder á entrada en un domicilio particular?

- a) En caso de autorización do titular ou resolución xudicial exclusivamente.
- b) En caso de delito flagrante ou resolución xudicial exclusivamente.
- c) En caso de autorización do titular, resolución xudicial ou flagrante delito.**
- d) En caso de resolución xudicial exclusivamente.

2) A partires dos anos 80, o Estado de Benestar en España configúrase progresivamente como un modelo que responde ás seguintes características:

- a) Sistema contributivo, sistema de protección de base universal e sistema de solidariedade.**
- b) Sistema produtivo, un sistema de protección de base universal e sistema de solidariedade.
- c) Sistema contributivo, sistema de protección de base internacional e sistema de solidariedade local.
- d) Sistema contributivo, sistema de protección de base autonómica e un sistema de solidariedade nacional.

3) Segundo o artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a delegación de competencias nos municipios por parte do Estado e das Comunidades Autónomas para ser efectiva nas materias de prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller:

- a) Requirirá a súa aceptación polo municipio interesado.**
- b) Non poderá ter unha duración inferior a dez anos.
- c) Son obrigatorias para o municipio interesado.
- d) Serán irrevogables por parte da Administración delegante.

4) ¿Cal e o órgano competente para a aprobación da plantilla de persoal?

- a) O Pleno**
- b) O Alcalde-presidente
- c) A Xunta de Goberno Local



d) Os concelleiros-delegados

5) .- ¿Qué tipo de recurso cabe contra o acordo de ampliación de prazos do procedemento?

- a) O recurso potestativo de reposición.
- b) O recurso de alzada
- c) O recurso extraordinario de revisión.
- d) **Non cabe recurso.**

6) De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar, poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria.
- b) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda.
- c) Atencións de carácter psicosocial e educativo.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

7) ¿Cal das seguintes persoas non se considera interesado nun procedemento administrativo?

- a) Quen o promova como titular dun interese lexítimo.
- b) **Quen sexa titular de intereses subxectivos que poidan resultar afectados pola resolución que se adopte.**
- c) Quen teña un interese lexítimo que poida resultar afectado pola resolución que se adopte sempre que se persoe no procedemento.
- d) Quen teña dereitos que poidan resultar afectados pola resolución que se adopte.

8) As visitas domiciliarias de supervisión do servizo de axuda no fogar efectivamente prestado realízanse sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo cunha periodicidade de:

- a) 1 mes.
- b) **2 meses.**
- c) 3 meses.
- d) 6 meses.

9) As prestacións de atención á dependencia poderán ter a seguinte natureza:

- a) Prestación de Servizos, exclusivamente.
- b) Prestacións económicas, exclusivamente.
- c) **Prestación de servizos e prestacións económicas, si ben a prestación de servizos terá carácter prioritario.**
- d) Prestación de servizos e prestacións económicas, si ben as prestacións económicas terán carácter prioritario.



10) A prioridade no acceso aos servizos virá determinada polo grao e nivel de dependencia e, a igual grao e nivel:

- a) **Atenderase á capacidade económica do solicitante.**
- b) Terá preferencia a persoa de maior idade.
- c) Terá preferencia a persoa de menor idade.
- d) Será determinante a data da solicitude.

11) O dereito de acceso á información contida na Historia Social Única Electrónica (HSUE) poderá exercerse:

- a) Pola persoa usuaria, mediante a acreditación da súa identidade.
- b) Mediante representación voluntaria ou legal, debidamente acreditada, nos casos que corresponda.
- c) As persoas usuarias non poden acceder á información contida na HSUE.
- d) **As respostas a) e b) son correctas**

12) Nun municipio de menos de 5000 habitantes debe prestarse como obrigatorio?

- a) biblioteca municipal
- b) parque público
- c) **cemiterio**
- d) transporte público.

13) Cada canto tempo se realiza unha revisión de grao de dependencia nos menores de 3 anos?

- a) Cada 6, 18 e 30 meses, ata os 36 meses.
- b) **Cada 6, 12, 18, 24 e 30 meses, ata os 3 anos.**
- c) Dende o momento do nacemento do menor ata os 24 meses.
- d) Cada 12 e 24 meses, ata os 3 anos.

14) Cal é a intensidade dos servizos de Promoción da autonomía persoal para o servizo de axuda no fogar segundo o grao de dependencia:

- a) Grao III ata 70 horas/mes, grao II ata 45 horas/mes e grao I ata 10 horas/mes.
- b) Grao III ata 90 horas/mes, grao II ata 70 horas/mes e grao I ata 30 horas/mes.
- c) **Grao III ata 70 horas/mes, grao II ata 45 horas/mes e grao I ata 20 horas/mes.**
- d) Ningunha é correcta.

15) O prazo de entrada en vigor da Lei 39/2006 produciuse:

- a) O día seguinte ao da súa publicación no BOE.
- b) Aos vinte días da súa publicación no BOE.
- c) **O día 1 de xaneiro de 2007.**
- d) Parcialmente entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2007, anque a súa entrada en vigor definitiva tería lugar no ano 2015.



16) **Signale a opción correcta en relación ao cumprimento do requisito do período de residencia no caso de que o solicitante do recoñecemento do dereito sexa un menor de cinco anos:**

- a) Neste caso non se esixirá residencia previa á solicitude.
- b) O menor de 5 anos tan só precisa ter residido en territorio español durante os dous anos anteriores á solicitude.
- c) **O período de residencia esixírase a quen exerza a súa garda e custodia.**
- d) Non se establecen especificidades para este caso concreto.

17) **Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de PACAP, non quedarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, alomenos, os seguintes suxeitos:**

- a) As persoas xurídicas
- b) **Persoas físicas**
- c) Empregados das Administracións públicas.
- d) a e b son correctas

18) **Segundo o artigo 9 do Decreto 99/2012 polo que se desenvolven os servizos sociais comunitarios, ¿cales dos seguintes programas desenvolven os servizos sociais comunitarios?**

- a) **Programa de valoración, orientación e información, servizo de axuda a domicilio, programa básico de inserción social.**
- b) Programa de valoración, orientación e información, servizo de axuda a domicilio, programa básico de aloxamento alternativo.
- c) Programa de valoración, orientación e información, servizo de axuda a domicilio, programa de educación e apoio familiar.
- d) Todas as respostas son correctas.

19) **A orde do día para a convocatoria dun pleno ordinario debe ser notificado aos/as concelleiros/as:**

- a) Con tempo suficiente
- b) **Alomenos 2 días hábiles entre a convocatoria e a celebración da sesión**
- c) 1 día hábil entre a convocatoria e a celebración da sesión
- d) Alomenos 2 días naturais entre a convocatoria e a celebración da sesión.

20) **En relación aos servizos sociais comunitarios sinala a resposta correcta:**

- a) Poden ter a consideración de básicos e especializados.
- b) **Constitúen o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.**
- c) Están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada.
- d) Todas as respostas son correctas.



21) ¿Cales das seguintes son causas de extinción do SAF?

- a) Modificación temporal das causas que motivaron a concesión do servizo.
- b) Incumprimento reiterado dos dereitos establecidos para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- c) **Renuncia expresa da persoa usuaria.**
- d) Todas as respostas son correctas.

22) Cales dos seguintes equipamentos son considerados servizos sociais especializados?

- a) **Centros Residenciais.**
- b) Centros de acollida.
- c) Albergues.
- d) Todas as respostas son correctas.

23) ¿ A qué subescala pertencen os postos de traballo que requiren de aptitudes específicas e para os que non se exige a posesión de un título académico ou profesional determinado?

- a) Técnica
- b) Subalterna
- c) Auxiliar
- d) **Servizos especiais.**

24) A Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais aplícase...

- a) Ao tratamento totalmente automatizado de datos persoais.
- b) Ao tratamento total ou parcialmente automatizado de datos persoais.
- c) Ao tratamento total ou parcialmente automatizado de datos persoais, así como ao tratamento non automatizado de datos persoais contidos nun ficheiro.
- d) **Ao tratamento total ou parcialmente automatizado de datos persoais, así como ao tratamento non automatizado de datos persoais contidos ou destinados a ser incluídos nun ficheiro.**

25) Segundo o artigo 65 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Axencia Española de Protección de Datos non admitirá as reclamacións presentadas cando....

- a) Non versen sobre cuestións de protección de datos persoais.
- b) Non versen sobre cuestións de protección de datos persoais ou carezan manifestamente de fundamento.
- c) Non versen sobre cuestións de protección de datos persoais, carezan manifestamente de fundamento ou sexan abusivas.
- d) **Non versen sobre cuestións de protección de datos persoais, carezan manifestamente de fundamento, sexan abusivas ou non aporten indicios racionais da existencia de unha infracción.**



26) ¿Cal dos seguintes elementos non é configurador da relación de servizos que establece unha entidade local co seu persoal funcionario?

- a) **Sometemento ao dereito laboral.**
- b) Vinculación.
- c) Retribución con cargo á entidade.
- d) Profesionalidade.

27) A Xunta de Goberno Local no Concello de Cariño está composta por:

- a) Alcalde, e 1º tenente de Alcalde-presidente
- b) Alcalde, Secretaria e dous concelleiros.
- c) **Alcalde e tres tenentes de Alcalde.**
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

28) ¿Que características podemos encontrar na entrevista?

- a) Orientación, motivación, información, asesoramento, terapia, tratamento e seguimento.
- b) Que se centra no individuo e nun problema.
- c) **Que se establece pola palabra, facilita a comprensión, e un medio profesional e posibilita a empatía.**
- d) A autodeterminación, a individualización, o respecto, a aceptación, a actitude exenta de xuízo e o secreto.

29) Segundo establece o artigo 6 da Lei de Servizos Sociais de Galicia, as persoas usuarias do sistema terán dereito a:

- a) **Ter asignado un profesional de referencia.**
- b) Ter asignado un profesional que xestione o caso ou actúe como responsable da intervención ou programa.
- c) Ter asignado un profesional que xestione o caso ou actúe como responsable da intervención e mediación.
- d) Todas as respostas son correctas.

30) En relación aos servizos sociais comunitarios sinala a resposta correcta: **ANULADA**

- a) Poden ter a consideración de básicos e especializados.
- b) **Constitúen o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.**
- c) Están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada.
- d) Todas as respostas son correctas.

31) A Comisión Especial de Contas:

- a) **Existe en todos os municipios.**
- b) Existe nos municipios nos que así o acorde o Pleno.
- c) Existe nos municipios de máis de 1000 habitantes
- d) Existe nos municipios de máis de 5000 habitantes.

32) Os servizos de prevención das situacións de dependencia serán prioritarios:

- a) **Para as persoas en situación de dependencia en grao I, ao obxecto de previr o agravamento do seu grao de dependencia.**
- b) Para as persoas en situación de dependencia en grao II, ao obxecto de previr o agravamento do seu grao de dependencia.
- c) Para as persoas en situación de dependencia en grao III, ao obxecto de previr o agravamento do seu grao de dependencia.
- d) Todas as respostas son correctas.

33) ¿Cal dos seguintes aspectos sobre a entrevista é incorrecto?

- a) **A entrevista debe ser interrogativa.**
- b) Na entrevista, o entrevistado debe analizar as manifestacións verbais e non verbais do entrevistado.
- c) Na entrevista deben respectarse os ritmos do entrevistado.
- d) A entrevista debe ser flexible no seu desenvolvemento.

34) O Decreto 99/2012 di que se establecerá un límite máximo de participación económica das persoas usuarias no copago de servizos, en función da súa capacidade económica, sendo este:

- a) O 33% da súa capacidade económica.
- b) O 80% da súa capacidade económica.
- c) O 25% da súa capacidade económica.
- d) **Todas as respostas son falsas.**

35) Cando proceda a prestación de carácter económico, esta ira destinada á cobertura dos gastos do servizo previsto no Programa Individual de Atención debendo ser prestado por:

- a) **Necesariamente por unha entidade ou centro acreditado para a atención á dependencia.**
- b) Necesariamente por unha entidade ou centro concertado para a atención á dependencia.
- c) Preferentemente por cuidadores non profesionais, sempre que se dean as condicións adecuadas de convivencia e de habitabilidade da vivenda e así o estableza seu Programa Individual de Atención.
- d) As prestacións de carácter económico non están contempladas como modalidade de axuda ao cidadán dependente.

36) Entre os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia enumerados no catálogo de servizos da Lei 39/2006, non figura:

- a) Servizo de Axuda no Fogar.
- b) Servizo de Teleasistencia.
- c) Servizo de Atención Residencial.
- d) **Todos estes servizos recóllense no Catálogo.**

37) En relación ao servizo de teleasistencia, sinala a correcta:

- a) Este servizo non existe na actualidade.
- b) **Recollese no Catálogo de servizos e, ademais, é compatible co servizo de axuda no fogar, pero non co de Atención residencial.**



- c) Recollese no Catálogo de servizos e, ademais, é compatible co servizo de Atención Residencial, pero non co de Axuda no Fogar.
- d) Recollese no Catálogo de servizos, sendo compatible co servizo de Atención Residencial, así como co de Axuda no Fogar.

38) Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra as resolucións que non poñan fin á vía administrativa poderá presentarse:

- a) Recurso ordinario.
- b) Recurso de alzada.**
- c) Recurso extraordinario de revisión.
- d) Recurso de reposición.

39) Segundo o establecido no artigo 30 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o grao de dependencia será revisable, a instancia do interesado, dos seus representantes ou de oficio polas Administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas:

- a) Mellora da situación económica do solicitante.
- b) Empeoramento da situación económica do solicitante.
- c) Con motivo do cambio de residencia a outra Comunidade Autónoma.
- d) Erro na aplicación do correspondente baremo.**

40) ¿Que significa a inderogabilidade singular dos regulamentos recollida no artigo 37 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas?

- a) Que un acto administrativo firme debe executarse e non pode ser derogado.
- b) Que unha resolución administrativa de carácter particular non pode vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, anque aquela proceda dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.**
- c) Que unha resolución administrativa de carácter xeral non pode vulnerar o establecido nunha disposición de carácter particular, anque esta proceda dun órgano de igual ou superior xerarquía a que ditou a disposición xeral.
- d) Todas as respostas son correctas.

PREGUNTAS DE RESERVA

1) Segundo o artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o sistema galego de servizos sociais rexerese, entre outros, polo principio de:

- a) Responsabilidade pública.**
- b) Autonomía persoal e vida dependente.
- c) Centralización e proximidade.
- d) Desconcentración e proximidade.



2) Segundo o artigo 15 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, é unha función dos servizos sociais especializados:

- a) **Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.**
- b) A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco.
- c) O desenvolvemento de programas e a xestión de centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares.
- d) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.

3) Non é unha función dun servizo social comunitario básico recollida no artigo 11 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (sinale a incorrecta):

- a) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación.
- b) A información, orientación e asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.
- c) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- d) **A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolve a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.**

4) Segundo o artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Catálogo de servizos sociais está integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, que poderían ser:

- a) **Esenciais e normalizadoras.**
- b) Básicas e normalizadoras.
- c) Esenciais e básicas.
- d) Esenciais e profesionais.